



Escola Internacional de Doutoramento (Eido)


Proceso

Xestión Académica

Procedemento

Atención e orientación

Código AC02 Índice 01



Histórico de evolucións

Índice	Data	Elaboración	Principais modificacións e motivo
01	20.05.2025	Xefatura do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao Área de Calidade	Actualización do procedemento por causa de - Informe de avaliación do deseño de ACSUG 2019: revisión do órgano responsable do proceso (agora Xefatura do Servizo de XE Posgrao) e actualización da fase de análise e mellora. - Proxecto de mellora do SGC 2021-2024: cambios na finalidade do proceso e no diagrama de fluxo (fase de atención e orientación). Cambios no alcance do procedemento. -Actualización das áreas prestatarias de servizos de atención e orientación. -Supresión da fase de expedición do título deste procedemento (pasa ao novo procedemento de <i>Certificación dos estudos</i>). -Adaptación ás <i>Directrices e orientacións para a acreditación institucional de centros que imparten programas de doutoramento (REACU, 2023)</i> -Indicadores do proceso: - Intégrase o IPD13 Estudantes por liña de investigación (antes no proceso de Formación dos/as investigadores/as). - Remóvense o IPD1 Oferta de prazas, IPD2 Demanda, IPD3 Estudantes de novo ingreso, IPD5 Estudantes de novo ingreso procedentes doutras universidades, IPD7 Estudantes de novo ingreso con complementos formativos e IPD12 Estudantes de novo ingreso por perfil de acceso (pasan ao proceso Promoción e captación).
00	21.10.2018	Vicerreitor/a de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria	Creación do procedemento AC-01, <i>Admisión</i> , no marco do programa de SGC (Fides-Audit) de doutoramento da Universidade de Vigo.

VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Comisión de Calidade da Eido	Comité de Dirección da Eido
04.11.2025	20.11.2025

Índice

I OBXECTO	4
II ALCANCE	4
III REFERENCIAS	4
IV DESENVOLVEMENTO	6
V ANEXOS	9

I OBXECTO

Definir a metodoloxía para informar, atender e orientar as [persoas doutorandas](#) ao longo da súa aprendizaxe académica e formación investigadora.

II ALCANCE

O alcance deste procedemento esténdese ao ciclo de doutoramento da Universidade de Vigo, isto é, á Eido e todos os seus programas de doutoramento adscritos, así como aos servizos asociados.

En relación coa tipoloxía de actividades, abrangue a orientación sobre as actividades académicas de carácter xeral, administrativas e de extensión universitaria, así como a orientación profesional ás [persoas doutorandas](#).

En particular, cando os programas sexan [conxuntos](#) (interuniversitarios), teranse en conta os aspectos establecidos no convenio de colaboración.

Nota 1: a orientación académica específica do PD trátase no procedemento *Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as*.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

A lexislación, normativa e estándares de calidade de referencia que afecta a este proceso poden atoparse na ficha do proceso.

A lexislación e normativa xeral que afecta ao SGC da Eido está descrita no Manual de Calidade.


III.2. Definicións

III.3. Abreviaturas e siglas


- CAPD : comisión académica do programa de doutoramento
- PD : programa de doutoramento
- QSP : queixa, suxestión ou parabén
- SGC : Sistema de Garantía de Calidade
- UAP : Unidade de Análises e Programas

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Diagrama de fluxo



B) ANÁLISE E MELLORA



Comentarios

- **Etapa 40** Deseño ou modificación das actividades institucionais de atención e orientación

A universidade pon a disposición das [persoas doutorandas](#) diversos [sistemas](#) e mecanismos de [información](#), atención, orientación e [apoio](#), tanto de carácter institucional ou comúns a todo o estudiantado como específicos dos [estudos de doutoramento](#). Estes mecanismos funcionan tendo en conta o perfil [do estudiantado](#):

-novo ingreso:

- o xornadas de acollida (institucionais e específicas de cada programa),
- o información na web institucional e específica do programa e acceso ao portal de servizos electrónicos,
- o información e orientación académica xeral e administrativa (Servizo de Información ao Estudante, Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, [áreas académicas de posgrao](#))
- o información sobre actividades de extensión cultural, asociacionismo, deportes... (Servizo de Información ao Estudante) e [vida no campus](#).
- o atención a estudantes con [necesidades específicas de apoio educativo](#) e orientación psicopedagóxica ([Unidade UNATEN](#))
- o atención á igualdade e á diversidade ([áreas de Igualdade e de Diversidade](#))
- o información sobre servizos bibliotecarios -bibliografía, bibliometría- (Biblioteca)
- o información sobre formación complementaria -idiomas, talleres..- (Centro de Linguas, web)
- o información sobre actividades de acción solidaria, voluntariado e cooperación no ámbito universitario, así como financiamento nestes ámbitos ([Área de Equidade e Cooperación](#))
- o información sobre a defensoría universitarias e os dereitos do estudiantado.

-continuación de estudos: ademais dos servizos anteriores, podemos engadir

- o orientación sobre estadias e mobilidade en universidades e organismos nacionais ou internacionais (Oficina de Relacións Internacionais)
- o información sobre [programas](#) e bolsas pre-doutorais, de mobilidade (Servizo de Información ao Estudante, [Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos](#)).

-futuro [persoal investigador postdoutorais](#): orientación profesional ([Unidade de Emprego e Emprendemento e estruturas de investigación](#))

- o información sobre ofertas laborais
- o orientación sobre a carreira investigadora.

V ANEXOS

Este procedemento non ten anexos.

Rexistros

Este procedemento non ten rexistros.